

PLANIFICACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES 2016
IMPLICADAS NO DESENVOLVIMENTO

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN
2. PRESENTACIÓN
3. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS, RESULTADOS E ACCIÓNS
 - 3.1. COOPERACIÓN
 - 3.2. SUSTENTABILIDADE
 - 3.3. ACTIVISMO
 - 3.3. COMUNICACIÓN
4. ORZAMENTO

1. INTRODUCCIÓN

IMPLICADAS traballa dende hai 18 anos a prol da erradicación da pobreza nas comunidades máis afectadas por ela e, máis en concreto, no grupo das mulleres a través da eliminación das estruturas de opresión Norte - Sur e de xénero e a contribución a unha vida digna para todas as persoas nun exercicio de corresponsabilidade entre Galicia e as sociedades civís do Sur.

IMPLICADAS entende a cooperación ao desenvolvemento como un intercambio coas comunidades coas que traballa, que enriquece as dúas partes e que pretende, dende a igualdade e o entendemento, conseguir un cambio a nivel global nos ámbitos do xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e todos os eidos que compoñen o desenvolvemento humano perdurable. Por este motivo, traballamos na procura dunha conciencia social crítica materializada na implicación da sociedade coas problemáticas identificadas pola organización.

A continuación presentamos a planificación para o ano 2016, que se enmarca na Planificación Estratéxica 2015-2020.

2. PRESENTACIÓN

O obxectivo deste documento é presentar a planificación de traballo da ONG IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO para o 2016. Unha boa planificación é fundamental para levar a cabo un traballo eficiente e poder avaliar os nosos esforzos e os seus resultados. A planificación anual resulta un documento de traballo básico que foi desenvolvido pola totalidade do voluntariado dentro do marco da planificación estratéxica.

3. DEFINIÇÃO DE OBXECTIVOS, RESULTADOS E ACCIÓNS

3.1. COOPERACIÓN

OBXECTIVO C1: Contribuír ao empoderamento das mulleres das comunidades desfavorecidas do Sur e dos seus entornos

A filosofía de traballo de Implicadas parte dunha visión da solidariedade feminista segundo a cal o traballo de colaboración xorde dunha conciencia de lugar. Isto quere dicir que o traballo que se realiza no Sur parte do respecto á diversidade e a liberdade de decisión das mulleres coas que cooperamos. Dende esa perspectiva, Implicadas e as súas organizacións locais compañeiras teñen como función principal abrir espazos e compartir metodoloxías que ofrezan ás mulleres un lugar dende o cal analizar as súas situacións de vida, expresarse e sobre todo poñer en marcha procesos de cambio a través do diálogo e do activismo. Implicadas cre na capacidade das mulleres para conseguir a transformación das súas sociedades e, sobre todo, unha autonomía a todos os niveis. Neste sentido, as accións de Implicadas en cooperación buscan non só incidir en aspectos económicos ou sociais, senón sobre todo no aspecto político do recoñecemento de dereitos e sobre todo na visibilización e transformación das estruturas de xénero existentes en cada comunidade.

RESULTADO C1.1: Manter durante esta PE dous programas no sur da India

Dende o ano 1998 Implicadas traballa no Sur da India en colaboración coa organización compañeira People's Development Initiatives (PDI). A longa experiencia de traballo permite manter e mellorar de forma constante as intervencións que se realizan coas mulleres nas súas comunidades en diferentes distritos de Támara Nadu. Durante o período desta PE manteranse os programas comezados ata o seu remate e acordaranse novos procesos de intervención coas mulleres e PDI.

Accións:

Durante 2016 a organización continuará co seu traballo en colaboración con PDI en Támara Nadu mediante dous programas: o Programa de Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem, que leva en marcha dende 2007, e o Programa de Empoderamento de Mulleres en Tiruchy, que se atopará xa no seu terceiro ano de funcionamento.

➤ ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM

O proxecto ERRADICACIÓN DO INFANTICIDIO FEMININO EN SALEM comezou a funcionar no ano 2007 en catro bloques do distrito, especialmente afectado por esta práctica. O obxectivo xeral do programa é o de contribuír a reducir a violencia de xénero e a discriminación de xénero en xeral. En concreto, trátase de crear un ambiente libre de violencia para as mulleres e as nenas dos catro bloques seleccionados do distrito de Salem e acadar o empoderamento das mulleres e as nenas dende o punto de vista económico, social e de xénero, para que poidan exercer os seus dereitos.

Durante este ano 2016 agárdanse os seguintes resultados:

- **Resultado 1:** Redución do infanticidio feminino a través do seguimento do 90% das mulleres embarazadas e as súas familias.

Actividades:

- Elaboración da lista de mulleres embarazadas.
- Comunicación interpersoal coas mulleres embarazadas.
- Servizos de asesoramento para as mulleres en risco.

As traballadoras realizarán un seguimento das mulleres embarazadas e das súas familias, que incluírá unha interacción estreita tanto antes coma despois do nacemento. No caso de tratarse dunha nena, o seguimento prolongarase durante seis meses. Para as mulleres en risco, é dicir, aquelas que viven en familias cunha percepción das nenas moi desfavorable, ofrecerase asesoramento específico.

Indicadores:

- Serán contactadas, como mínimo, 4.500 mulleres embarazadas durante este período.
 - 550 mulleres recibirán asesoramento.
- **Resultado 2:** Mudanza nas actitudes das parellas e as súas respectivas familias ante a perspectiva de recorrer á adopción.

Actividades:

- Diálogos familiares para a mudanza de actitudes.
- Seguimento das parellas en alto risco que teñen xa varias fillas.

Organizaranse diálogos familiares para propiciar un cambio paulatino das actitudes dentro da familia e reforzar as posturas xa contrarias ao infanticidio ou con respecto á entrega en adopción da nena. Un dos obxectivos dos diálogos é conseguir que as mulleres poidan decidir se queren deixar de ter crianzas e, neste sentido, as medidas de planificación familiar son un indicador importante para comprobar se as mensaxes contra o infanticidio teñen éxito.

Indicadores:

- Un mínimo de 80 mulleres adoptará medidas de planificación familiar.
 - O 80% das parellas que decidan dar en adopción os seus bebés seguirá os procesos legais ou a través de centros autorizados polo goberno.
 - 150 parellas aceptarán criar as súas fillas.
 - Organizaranse diálogos familiares en 350 familias.
- **Resultado 3:** Implicación da comunidade e institucións na protección da igualdade de xénero e, en especial, en acabar cos prexuízos que derivan no infanticidio feminino.

Actividades:

- Campañas de sensibilización na igualdade de xénero entre os grupos de axuda mutua.
- Campañas de sensibilización na igualdade de xénero entre os homes.
- Campañas de sensibilización na igualdade de xénero a través de teatro na rúa.

Durante este ano organizaranse campañas sobre a igualdade de xénero entre os GAM e tamén campañas específicas para homes, a través das cales estes reflexionarán sobre a súa contribución ao paradigma de xénero existente. En colaboración coas autoridades locais e outras entidades, levaranse a cabo ademais campañas xerais mediante o teatro de rúa.

Indicadores:

- 1.000 mulleres de 96 grupos de axuda mutua serán sensibilizadas en cuestións de igualdade de xénero.
 - 1.000 homes en 96 xuntanzas serán sensibilizados en cuestións de xénero.
 - Terán lugar 48 actuacións de teatro na rúa.
- **Resultado 4:** Sensibilización da mocidade nas cuestións de xénero, adquisición pola súa parte de capacidades para a vida e fomento da súa participación activa nos clubs de xénero.

Actividades:

- Cursos de capacitación para a vida destinados á mocidade.
- Formación de clubs de xénero e fomento do voluntariado de xénero.

Para promover a sensibilización sobre o xénero entre a mocidade e, polo tanto, un cambio perdurable, seguirase traballando cos clubs de xénero e impartiranse novos cursos de capacidades para a vida co fin de reforzar a capacidade de decisión de mozas e mozos con respecto aos papeis de xénero. Os cursos centraranse en temas como empatía, resolución de problemas, relacións interpersoais, pensamento crítico, comunicación, pensamento creativo, xestión do estrés, capacidade de decisión e xestión de emocións.

Indicadores:

- 800 adolescentes recibirán cursos de capacitación para a vida en 96 sesións.
- 100 persoas voluntarias dos clubs de xénero serán formadas en cuestións de xénero.
- **Resultado 5:** Organización dos grupos de axuda mutua para a consecución do seu empoderamento económico a través de créditos bancarios e a súa capacitación para a xestión dos asuntos da comunidade. Federación dos grupos de axuda mutua para a toma de iniciativas de cara á súa autoxestión.

Actividades:

- Formación de grupos de axuda mutua
- Federación dos grupos de axuda mutua.
- Programas de capacitación.

Ata o momento existen no programa 128 grupos que inclúen 1.515 mulleres e manexan un aforro total de 4.881.328 rupias (64.415,12€). Durante este ano crearanse outros 48 grupos e facilitaráselles ás integrantes a formación básica para xestionar o seu propio grupo.

Indicadores:

- Serán formados 48 grupos, que integrarán 576 mulleres.
- 78 persoas animadoras e representantes ofrecerán formación financeira para os grupos de axuda mutua.
- 1.500 mulleres dos grupos de axuda mutua serán sensibilizadas na necesidade de federación dos grupos.
- Serán formadas asociacións de grupos e 200 representantes dos grupos serán formadas na xestión da federación.
- Dez mulleres de cada grupo serán integradas en programas formativos de capacitación e 80 serán formadas en novas capacidades.
- 40 mulleres recibirán asistencia financeira en programas de xeración de ingresos.
- **Resultado 6:** Establecemento de lazos coas comisarías de policía de xénero para que se faga cumprir a lei de cara á protección das mulleres contra calquera forma de violencia contra elas, en especial no tocante ao infanticio, a través do Centro de Apoio ás Mulleres.

Actividade:

- Centro de Apoio ás Mulleres

Consiste na organización de programas de formación legal nas aldeas para que as mulleres coñezan os seus dereitos e poidan exercelos. Esta actividade sitúase entre as medidas preventivas e as actividades de cambio social: por unha banda, ofréceselles asistencia ás mulleres en situación de violencia ou de discriminación e, pola outra, contribúese ao seu empoderamento.

Indicadores:

- Dez mulleres visitarán o Centro de Apoio ás Mulleres cada mes e accederán aos servizos legais.
- Serán organizadas oito campañas de educación legal nos catro bloques.

➤ **EMPODERAMENTO DAS MULLERES EN TIRUCHIRAPALLI II**

O **obxectivo xeral** deste programa é contribuír á erradicación da pobreza en cinco suburbios e en cinco aldeas seleccionadas do distrito de Tiruchirapalli a través do empoderamento das mulleres dende unha perspectiva económica, social, política e de xénero. Para isto, o programa traballará o empoderamento dende un punto de vista individual e comunitario en todas as súas vertentes. Isto implica a realización de actividades para a mellora da situación económica, educativa, sanitaria e de dereitos das mulleres, ademais de actividades de sensibilización con respecto ás cuestións de xénero en toda a comunidade.

Entre os anos 2008 e 2013, Implicadas e PDI traballaron conxuntamente en cinco suburbios e cinco aldeas do distrito de Tiruchirapalli cunha visión integral da erradicación da pobreza dende o xénero e atendendo ás migracións rurais-urbanas. En 2013 deuse por concluída con éxito esta intervención e planificouse unha segunda fase do traballo, seguindo a mesma estrutura e filosofía, que foi posta en marcha en 2014.

Durante o primeiro ano (entre xaneiro e decembro de 2014), o proxecto centrouse en establecer unha boa comunicación coa comunidade, crear entre as mulleres grupos de axuda mutua (GAM) e concienciar sobre saúde e cuestións de xénero para resolver os aspectos máis preocupantes detectados durante a planificación. Durante o segundo ano (entre xaneiro e decembro de 2015), leváronse a cabo as mesmas actividades.

No ano 2016 está previsto reforzar as actividades de mobilización comunitaria a través da formación de Consellos de Desenvolvemento de Suburbio (CDS). Ademais incrementárase o número de programas de sensibilización de xénero, así como a implementación de programas para o voluntariado de xénero. Con todo, porase especial énfase na formación de novos grupos de axuda mutua así como na identificación de voluntariado de xénero e saúde comunitaria. Está previsto tamén o establecemento de vínculos con outras institucións como bancos, centros de saúde e escolas.

Obxectivo específico 1: Empoderamento das mulleres e rapazas para acadar un nivel socioeconómico axeitado, protexerse así de calquera tipo de discriminación de xénero

e exercer os seus dereitos co apoio do Centro de Apoio ás Mulleres e o voluntariado de xénero.

- **Resultado 1.1:** Mulleres e rapazas acadan o seu empoderamento nas esferas social e económica a través da participación en estruturas que lles dean forza, como os grupos de axuda mutua (GAM).

Actividades previstas:

Formación de GAM. Durante o 2016 serán creados 50 grupos de axuda mutua que integrarán 750 mulleres e que se sumarán aos 23 grupos con 307 mulleres xa formados. Estableceranse ademais conexións destes grupos cos bancos para o acceso ao crédito. Por outra banda, terán lugar discusións sobre xénero e outras cuestións sociais durante as xuntanzas mensuais dos grupos.

Programas de capacitación e actividades de xeración de ingresos. Está previsto organizar un mínimo de dez programas formativos destinados polo menos a 50 mulleres. Ademais, cen animadoras e representantes recibirán formación no tocante a contabilidade e xestión financeira.

Actividades de orientación profesional para rapazas adolescentes. Trátase de proporcionarlles ás rapazas das aldeas e dos suburbios un asesoramento orientado á súa vida profesional, que atenderá as súas cualidades emocionais e psicosociais. Cen rapazas, como mínimo, terán acceso a este tipo de orientacións durante o ano 2016.

Formación de capacitación para a vida orientada á mocidade. Para empezar, seleccionaranse para a formación dez mozas e mozos de cada unha das zonas incluídas no programa. En total, 50 mozas e 50 mozos serán formados en capacidades para a vida. Nestas actividades formativas trataranse aspectos como empatía, resolución de problemas, relacións interpersoais, pensamento crítico, xestión do estrés, toma de decisións e xestión das emocións.

- **Resultado 1.2:** Mulleres e rapazas acadan o seu empoderamento a través de actividades educativas.

Actividades previstas:

Programas educacionais suplementarios para as crianzas. Trátase de fortalecer a formación das crianzas con actividades extracurriculares e poñer á súa disposición materiais educativos e lúdicos. Está previsto que 300 crianzas de toda a área, entre elas 175 nenas, sexan beneficiadas por estes programas. Cada fin de semana as crianzas terán a posibilidade de recibir formación extracurricular e unha vez cada tres meses poderán asistir a dous días de formación en diferentes disciplinas, como pintura, debuxo e diversas manualidades, onde ademais recibirán materiais para practicar deportes. No marco desta actividade organizarase así mesmo un campamento de verán, no que ademais de aprender diferentes destrezas, as crianzas practicarán ioga polas mañás. Prevese que 100 crianzas asistan a este campamento.

Programa de educación non formal para mulleres. O proxecto ofrécelles ás mulleres adultas a posibilidade de acudir, en función da súa dispoñibilidade, a

clases de alfabetización impartidas por animadoras. Prevese que 60 mulleres sexan alfabetizadas durante este período.

- **Resultado 1.3:** Mulleres e rapazas acadan o seu empoderamento a través da mellora das súas condicións de saúde.

Actividades previstas:

Campañas de sensibilización sanitaria. Centraranse en aspectos tan importantes como a hixiene menstrual, o tratamento precoz de infeccións do aparato reprodutor, a necesidade de manter hábitos de alimentación saudables e a necesidade de espaciar os embarazos. Ademais, o proxecto colaborará co equipo de prevención da VIH de PDI para organizar campañas de sensibilización sobre as ETS/VIH/SIDA e a tuberculose nas zonas de intervención. No que respecta á ETS/VIH/SIDA, promoverase a adopción de prácticas sexuais seguras. Ademais, prevese a organización de reunións de concienciación prenatais e posnatais sobre temas de saúde materno-infantil. Durante o ano 2016 organizaranse dez campañas sobre saúde reprodutiva. Ademais agárdase que 500 mulleres das distintas zonas do programa sexan informadas sobre cuestións de saúde reprodutiva e hixiene menstrual.

Campamentos sanitarios. Nos campamentos sanitarios trataranse doenzas prevalentes entre a poboación cun equipo médico voluntario para afianzar un hábito de busca de atención sanitaria en caso de enfermidade, algo pouco común entre a poboación dos suburbios e das aldeas do programa. Prevese que durante o ano 2016 sexan examinadas 1.200 persoas nos campamentos sanitarios. Un 10% delas serán redirixidas para ser tratadas por enfermidades graves.

Fomento do voluntariado sanitario comunitario. Trátase de implicar a persoas da propia comunidade que, tras recibir formación, estarán en disposición de atender e organizar actividades sanitarias no futuro de forma independente. En 2016 as comunidades contarán con 50 novas voluntarias sanitarias, preparadas a través dos dous programas formativos que se organizarán durante o período.

Obxectivo específico 2: Implicación das mulleres nas iniciativas de desenvolvemento da comunidade

- **Resultado 2.1:** Serán creados os Consellos de Desenvolvemento tanto de Suburbio (CDS) coma de Aldea (CDA) coa participación activa das mulleres dos grupos e do voluntariado de xénero.

Actividades previstas:

Creación dos Concellos de Desenvolvemento. Durante 2016 terá lugar a formación orientativa das persoas que formarán parte dos Consellos. Ademais, se promoverá nos grupos de axuda mutua a discusión sobre aspectos de xénero en cada unha das xuntanzas mensuais. A este respecto, está prevista a organización de 25 xuntanzas de sensibilización en cuestións de xénero, a través das cales 500 persoas serán sensibilizadas neste sentido.

Promoción do voluntariado de xénero. Durante 2016 organizaranse diferentes programas de formación. Prevese que 40 voluntarias sexan formadas en cuestións de xénero neste período.

Servizos de asesoramento para mulleres en apuros. Trátase de apoiar e asesorar mulleres que se atopan nalgún tipo de crise nos ámbitos social ou legal. Agárdase que, cada mes, reciban este tipo de asesoramento oito mulleres.

Campañas de concienciación e educación legal. O obxectivo destas campañas é que as mulleres se fagan conscientes dos seus dereitos. As campañas céntranse, así, en temas relacionados cos dereitos básicos das mulleres e inclúen aspectos moi concretos, como a violencia de xénero ou a problemática da dote. Prevese a organización, ao longo de 2016, de seis campañas, en cada unha das cales un total de cen mulleres, reunidas nun espazo común, serán sensibilizadas a este respecto.

RESULTADO C1.2: Retomar o contacto con Etiopía

OBJECTIVO C2: Afianzar e difundir o modelo de cooperación de IMPLICADAS

Ao longo dos seus máis de 16 anos de traballo, IMPLICADAS foi quen de desenvolver unha maneira distintiva de relacionarse coas comunidades do Sur e de formular as bases do seu enfoque en canto ao desenvolvemento de programas nestas comunidades. Malia que algúns dos aspectos deste traballo están sistematizados e foron evolucionando grazas a acordos internos da organización, nesta PE detectouse a necesidade de recoller o modelo dun xeito explícito e formal.

O modelo de cooperación de IMPLICADAS ten xa varios elementos ben definidos:

- *Unha relación de igualdade coas organizacións compañeiras e as comunidades de xeito que as decisións se tomen de xeito conxunto e acordado.* Isto materialízase, por exemplo, na coordinación das accións para o 8 de marzo ou do 25 de novembro segundo as prioridades das mulleres dos programas e os seus focos de interese; a determinación de novas metodoloxías ou enfoques de traballo segundo os coñecementos, capacidades e desexos das compañeiras do Sur; a posición de IMPLICADAS como oínte e a súa actitude de aprender man a man coas compañeiras do Sur; a atención ás necesidades que as organizacións compañeiras expresan a respecto das vías para mellorar o traballo ou a súa organización interna.
- *Consideración das compañeiras do Sur como xeradoras de coñecemento.* A través das organizacións e a todos os niveis, IMPLICADAS parte da base de que as compañeiras do Sur son produtoras de coñecemento. Un exemplo claro disto ten que ver coa difusión da metodoloxía dos GAM, baseada neste principio, no papel autónomo das mulleres e na súa capacidade de levar a cabo os seus obxectivos no espazo común de apoio que propoñen os grupos.
- *Un marco que cuestiona a herdanza colonial como marco de referencia na cooperación.* Neste sentido, IMPLICADAS tomou xa diferentes decisións, algunhas mesmo no momento da súa fundación, non só a nivel de comunicación coa sociedade galega, senón tamén no establecemento de formas de traballo moi concretas. Así, a propia selección das zonas de traballo non se move por supostos “vínculos” (linguas, polo xeral) establecidos en épocas coloniais. En IMPLICADAS consideramos que achegarnos á outra esixe o esforzo e a vontade das persoas dos países desenvolvidos, sobre todo en aspectos coma estes. Outra decisión neste sentido ten que ver con evitar enviar persoas en calidade de “voluntarias” aos programas, a menos que as mulleres e organizacións compañeiras fagan petición

expresa dalgunha colaboración. Neste sentido, deixando a un lado o traballo de acompañamento que se fai dende IMPLICADAS, as relacións que IMPLICADAS promove parten da base do intercambio e do coñecemento, da idea de que as persoas de Galicia somos as que debemos aprender das compañeiras do Sur. Así hai que entender iniciativas como Vanakkam, a través da cal as participantes coñecen os proxectos de primeira man, mentres que as compañeiras do Sur tamén poden comprender como funciona a nosa organización e as persoas que a integramos. Ao mesmo tempo, refúganse prácticas como a de facer constar o nome de IMPLICADAS en ningún material dos programas no Sur. Neste sentido, tamén destaca a iniciativa de IMPLICADAS de buscar sempre recursos locais á hora de levar adiante iniciativas como reportaxes, exposicións, vídeos, etc. Fronte á tendencia xeneralizada de desprazar equipos dende Galicia, IMPLICADAS prioriza sempre que sexan as persoas dos propios lugares as que se involucren a todos os niveis, falen en primeira persoa e acheguen a súa propia visión. Isto non só contribúe a remunerar a persoas que o precisan nese contexto, senón que tamén implica unha cuestión filosófica básica para a organización: a necesidade de romper as dinámicas de representación da outra.

- *Alianzas coas feministas do Sur e contribución á creación de xinealoxías propias.* Outra característica xa definida do traballo de IMPLICADAS en cooperación ten que ver coa visión e práctica consciente dunha política de vínculo entre o traballo de promoción de programas e as feministas locais. Así, nos programas de IMPLICADAS búscase sempre que as mulleres das comunidades coas que se traballa poidan establecer contacto con activistas e atopar os seus propios referentes. Espazos como o 8 de marzo, 25 de novembro, obradoiros de fotografía, de escrita de obras de teatro ou de poesía, entre outros, permítenlles ás mulleres de suburbios ou aldeas entrar en contacto con feministas das súas propias comunidades coas que establecer redes de traballo sólidas. Ademais disto, o traballo en cooperación de IMPLICADAS supera con moito os denominados “programas”, dado que a organización busca tecer redes con mulleres a diferentes niveis para presentar a gran diversidade de situacións de vida, puntos de vista e vías de intervención e empoderamento existentes nas sociedades onde traballamos, algo fundamental á hora de acabar con visións coloniais da outra.
- *Independencia dos programas.* Dende o ano 2010 IMPLICADAS vén adoptando unha política clara en canto á xestión dos programas, de cara a acadar a total independencia destes con respecto a flutuacións nas vontades e criterios de entes externos. IMPLICADAS adoptou unha política de financiamento autónomo dos programas decisiva á hora de definir de forma acordada e mutua os termos que van determinar o seu desenvolvemento, evitando as interferencias de prioridades alleas ás das comunidades, as organizacións compañeiras e a base social de IMPLICADAS.

No momento de elaboración da PE constatouse a necesidade de continuar afondando neste modelo e sobre todo de sistematizalo para poder facelo transferible e dalo a coñecer entre as activistas de IMPLICADAS dun xeito sinxelo que ademais vaia máis alá dunha mera transmisión como “informe” dos programas.

RESULTADO C2.1: Sistematizar o modelo de cooperación de IMPLICADAS

Durante o período desta PE (2015-2016), IMPLICADAS contará con documentos que sistematicen o modelo de cooperación. Partirase dun documento básico que poida logo difundirse entre as activistas. Do mesmo xeito, difundiranse as ideas básicas do modelo, que se seguirán negociando e enriquecendo con contribucións das compañeiras do Sur. A acción fundamental que se levará a cabo durante o ano 2016 consistirá na difusión dos informes de impacto dos programas.

3.2. SUSTENTABILIDADE

Obxectivo: Ser unha organización totalmente autoxestionada

Nos últimos anos Implicadas viuse afectada economicamente pola redución de fondos outorgados no ámbito de cooperación ás ONGDs. Dada a inestabilidade existente con respecto ás convocatorias ofrecidas polas distintas entidades (Fondo Galego de Cooperación, DXREeUE, concellos, etc.) ás organizacións en xeral, e en particular a Implicadas, e dado que os fondos correspondentes son limitados e insuficientes, a organización considera que o enfoque de traballo durante o período da nova PE (2015-2020) debe orientarse a incrementar os fondos propios e así lograr a total autoxestión, é dicir, a independencia con respecto ás fontes de financiamento procedentes do campo da cooperación, tan limitadas en Galicia e insuficientes para cubrir as nosas necesidades.

Resultado 1: Ter a capacidade de manter os programas de cooperación, o local, o salario e unha acción de activismo con orzamento propio

Ao remate do período da anterior PE (2009-2014), Implicadas contaba con 184 persoas socias. Cremos que para cumprir o obxectivo marcado e acadar a independencia con respecto ás fontes de financiamento, será necesario acadar nestes cinco anos da nova PE unha base asociativa de 300 socias, o que significa integrar unha media de novas 23 socias por ano. O ano 2015 pechámolo, porén, con 180 persoas socias polo que necesitamos conseguir 120 persoas socias máis antes de que remate o 2020, isto é, unha media de 24 novas persoas socias por ano. Para acadar 24 novas socias durante o 2016, Implicadas levará a cabo as seguintes accións:

Captación de novas socias

Implicadas lanzará unha nova campaña o día 10 de xaneiro coincidindo co XI IMPLÍCATE! NORTE DE MÚSICA E PALABRA SOLIDARIA e que leva por nome SUMA. A chave desta nova campaña de captación de socias e activistas está nas novas tecnoloxías e céntrase no deseño dunha APP para teléfonos Android e IOS. Na propia APP estarán presentes tres aspectos fundamentais:

- SUMA FONDOS (dirixido a captar novas socias). Inclúe catro vídeos (*Violencia de xénero, Grupos de Axuda Mutua, Empoderamento económico e Suma fondos*) nos que aparece unha pestana (“faite socia”) cun formulario no que hai que introducir algúns datos persoais (nome e correo electrónico), así como mensaxes ou consultas. Unha vez enviado, será recibido pola secretaria de Implicadas, que se porá en contacto coa persoa remitente.

- SUMA TEMPO (dirixido a captar novas activistas). Aparecen 4 vídeos (*Formación de activistas, Visitas do Sur, Escola Feminista e Suma Tempo*) nos que aparece unha pestana (“faite activista”) cun formulario no que hai que introducir algúns datos persoais (nome e correo electrónico), así como mensaxes ou consultas. Unha vez enviado, será recibido pola coordinadora de activistas de Implicadas, que se porá en contacto coa persoa remitente.
- SUMA COÑECEMENTO. Trátase dun xogo semellante ao Trivial con 100 preguntas que versan sobre os seguintes temas: cooperación, Implicadas, PDI e feminismo.

Ademais, na mesma aplicación aparece unha pestana “Implicadas no Desenvolvemento” que leva directamente á páxina de Implicadas.

A posta a punto da aplicación (realización das preguntas e respostas de SUMA COÑECEMENTO, gravación dos vídeos de SUMA FONDOS e SUMA TEMPO, etc.) efectuouse nos últimos meses do 2015. A aplicación lanzarase durante o mes de xaneiro de 2016.

Mantemento da base asociativa

Dado que IMPLICADAS se caracteriza por ser unha organización de total transparencia, a totalidade da súa base asociativa recibirá a información sobre as campañas que se desenvolvan, información sobre as actividades que se levarán a cabo durante o ano e mailos informes. Ademais é fundamental facela partícipe das iniciativas e decisións que deban tomarse en Implicadas. Neste sentido, están previstas as seguintes accións para este 2016:

- Incidir na asistencia á **Asemblea Xeral Ordinaria**. Para este fin, convocarase a Asemblea Xeral Ordinaria mediante correo electrónico con 15 días de antelación. Á falta dunha semana mandarase novamente outro correo recordatorio da data, lugar e motivo da xuntanza, así como tamén os documentos (Planificación Anual 2016 e Memoria Anual 2015) que se presentarán e que se someterán á aprobación da Asemblea ao remate da sesión.
- Realizarase o domingo 17 de xaneiro de 2016 unha **Asemblea Extraordinaria** para modificar os cargos da directiva de Implicadas. Terá lugar no Centro Medra na Coruña. A primeira convocatoria será ás 10:30h e a segunda ás 11:00h.
- Involucrar a base asociativa nalgúns decisións e aspectos puntuais e particulares que se poidan ir dando na organización ao longo do ano.

Búsqueda de novas fontes de financiamento

Durante o ano 2016 Implicadas centrarase en determinadas fontes de financiamento que complementarán os ingresos recibidos por medio das cotas das socias, a súa principal fonte de ingresos. As fontes de ingresos complementarias durante este ano serán as seguintes:

- Colaboracións con empresas ou profesionais na procura de novas sinerxias. As colaboracións que contribúen con produtos ou servizos configuran unha importante axuda en especie para o desenvolvemento de determinadas actividades de sensibilización e recadación, como a CARREIRA SOLIDARIA “CORRE CON IMPLICADAS”, o festival IMPLÍCATE ou a ANDAINA SOLIDARIA “DÁ O PASO”, coas que colaboran diversos colectivos e empresas e para as que cada ano se buscan novas colaboracións.

- Grupo de teaming. Implicadas manterá durante 2016 o grupo de teaming chamado “Cambia de Papel con Implicadas” do programa de Erradicación do Infanticidio Femenino en Salem. Nestes momentos conta con 11 teamers que achegan ao proxecto 1 euro ao mes. A través dunha maior difusión e dinamización do grupo tentarase incrementar o número de integrantes. A parte crearase outro grupo chamado “Suma con Implicadas” para o programa Empoderamento de Mulleres II en Tiruchy.
- Convocatorias públicas. Durante o 2016 Implicadas levará á Dirección Xeral de Cooperación e Relacións Exteriores da Xunta un proxecto de Educación para o Desenvolvemento. Asimesmo volverá a presentarlle o módulo dun programa de cooperación ao Fondo Galego de Cooperación. Tamén está previsto a participación noutras convocatorias públicas levadas a cabo por concellos, principalmente os de Lugo e Vigo, e institucións, como a Deputación da Coruña, para desenvolver accións de activismo e sensibilización.
- Cestas solidarias. Organizaranse dúas cestas solidarias durante o ano 2016. A primeira delas será organizada previsiblemente entre os meses de febreiro e marzo, mentres que a segunda se organizará entre os meses de maio e xullo. Ámbalas dúas incluírán diversos produtos e agasallos, grazas á colaboración de diferentes establecementos e locais. Os obxectivos son: 1) fomentar a colaboración dos comercios locais, 2) achegar a organización á cidadanía e 3) recadar fondos a través da venda das rifas. Recadación prevista con cada unha: 200€.

Celebración de actividades no local de IMPLICADAS para crear fluxo de persoas e fondos.

- Realización da Asemblea Xeral Ordinaria para que as socias e socios coñezan e visiten a oficina de Implicadas no Desenvolvemento.
- II Parva Solidaria de Implicadas no Desenvolvemento na primeira quincena do mes de decembro de 2016. Este encontro está aberto a todo o voluntariado, a toda a base asociativa edemais persoas colaboradoras, amigas ou interesadas en compartir e estreitar lazos coa organización. Ao final da mesma realizarase un sorteo dunha axenda 2017, dun Cd e dun documental *Cambia de Papel*. O prezo da parva será de 6 euros por persoa.

Resultado 2: Incremento do número de persoas organizadas en estruturas participativas e eficientes dende o punto de vista da xestión

Implicadas conta na actualidade con tres grupos de activistas presenciais en distintas cidades galegas (A Coruña, Compostela e A Estrada) e grupos de activismo virtual en tradución, documentación, comunicación, deseño e audiovisuais. Ademais do obxectivo de aumentar o voluntariado en Galicia, faise patente de novo a necesidade de afianzar os grupos de activistas xa existentes e mellorar a cohesión interna e o compromiso responsable das persoas que integran cada grupo.

Fíxase dende a organización o obxectivo de establecer 40 novos contactos con persoas interesadas en participar nos grupos como activistas de Implicadas e de incrementar a base voluntaria nun mínimo de 8 persoas.

Accións para integrar novas activistas:

- **Actividades puntuais de captación de voluntariado para os grupos locais en conexión coa campaña SUMA.** No marco da campaña SUMA, realizarase unha actividade de captación de activistas en cada cidade na que exista un grupo. O lema será: SUMA TEMPO.
- **Captación de voluntariado a través das redes sociais e páxinas web.** Como as plataformas (*voluntariadogalego.org*, *ehacesfalta.org*) supoñen a mellor vía de contactos para Implicadas, manterase activo durante todo o ano o seu perfil. Ademais buscaranse dúas novas canles onde difundir a información sobre o voluntariado (páxinas webs, blogues, redes sociais, asociacións, etc.)
- **Crear un grupo de activistas en Lugo.** Actualmente hai dúas persoas interesadas en formar grupo, polo que se intentará impulsar a creación do mesmo.

Ademais establécese como necesario manter os grupos de activistas de Compostela, A Coruña e A Estrada cun mínimo de 3 persoas en cada un, realizándose alomenos seis actividades por cada grupo e un mínimo de oito reunións por ano.

Accións para manter o activismo e a eficiencia:

- **Remate da reestruturación da área de activistas.** Fíxanse tres actuacións prioritarias. A primeira delas é completar a actualización do ficheiro de activistas. A segunda delas consiste na redefinición dos grupos de activistas virtuais que existen e definir claramente as súas funcións e o seu funcionamento, de xeito que as persoas que participan neles se sintan máis comprometidas coa entidade. En concreto, trátase de establecer en cada área un calendario de colaboración máis constante e regular contando cunha maior implicación das persoas que coordinan os grupos. Por último, considérase necesaria a redacción dun novo protocolo de funcionamento da área de coordinación de activistas. Tralo análise feito no 2015 dos protocolos de traballo de coordinación de activistas detéctanse certos aspectos que dificultan a efectividade no desenvolvemento das funcións, polo que se procederá a redactar un novo protocolo de funcionamento que sexa aprobado pola Xunta Directiva.
- **Formación de voluntariado.** Apóstase por continuar coas dúas liñas de formación estables que se levan facendo durante os últimos anos:

En primeiro lugar, incidirase na formación interna dos grupos presenciais. Cada grupo incluírá nas súas reunións mensuais formacións internas que irán recollidas na acta. Cada mes, unha integrante preparará unha exposición breve (non máis de 15-20 minutos) sobre un tema de interese para o grupo que será acordado na sesión anterior (xestión da organización, as campañas de IMPLICADAS, os proxectos na India, os grupos de axuda mutua, enfoque de xénero, etc.). As voluntarias poden e deben solicitarlle á organización toda a información que consideren necesaria para realizar exposicións de calidade. Tamén terán que recoller o tema e a valoración do grupo na acta correspondente. Esta tarefa rotará e ningunha integrante do grupo poderá quedar excluída dela. Espérase que ao remate do ano cada grupo realice un total de nove formacións internas e que con elas se adquiran e melloren os coñecementos sobre a cooperación internacional, a organización e os seus proxectos.

En segundo lugar, incidirase nas xornadas de formación dirixidas a todo o voluntariado. Ademais da función formativa, estas xornadas desempeñan un importante papel na cohesión do voluntariado e na vinculación das persoas coa organización. Así, mediante estas xornadas, o voluntariado afianzará e mellorará os seus coñecementos sobre a organización, a súa xestión, os seus proxectos e outros contidos relevantes (enfoque de xénero, cooperación internacional, etc.).

Durante o ano 2016, realizaranse dúas xornadas de formación do voluntariado que terán unha duración ou ben dun día ou ben dunha fin de semana e serán celebradas unha en cada semestre do ano (aproximadamente maio e novembro respectivamente). Espérase que o 20% do voluntariado de IMPLICADAS acuda ás formacións. No primeiro semestre a formación levará o título de *Todas somos expertas* e consistirá nunha presentación, de media hora aproximadamente, por parte de cada activista dun pequeno obradoiro ou actividade sobre algo no que se considera experta e que contribúa ao labor Implicadas. Isto dará lugar despois a un debate sobre a aplicación destes recursos ao traballo de Implicadas e sobre a idea do coñecemento horizontal.

Ademais destas formacións de fin de semana, programárase alomenos outra formación por hangouts para as persoas activistas dos grupos virtuais que, ao vivir fóra, non poden acudir ás formacións presenciais.

- **Afianzamento da cohesión grupal e da vinculación coa organización.** Seguirá incidíndose na parte máis social e lúdica dos grupos e da organización co fin de xerar unha conexión entre as persoas participantes que permita un maior compromiso entre elas e, por ende, coa organización. As estratexias para este fin serán, entre outras, a realización dalgunha actividade exclusivamente lúdica dentro dos grupos, a inclusión dalgunha dinámica de coñecemento ou cohesión grupal dentro das reunións mensuais e o fomento do contacto do voluntariado coas persoas que nos visitan dende os proxectos da India en ambientes máis informais.

- **Actualizar o manual de xestión**

O manual de activistas é o documento que clarifica as funcións das voluntarias, proxecta unha impresión adecuada á realidade de Implicadas e transmite a súa misión e visión. Debido ás mudanzas que nestes últimos anos se produciron a nivel de organización interna, sería necesario actualizar este manual.

3.3. ACTIVISMO

Fomentar a participación crítica e feminista da cidadanía na transformación das desigualdades Norte-Sur

IMPLICADAS vese seriamente afectada polo enfoque caritativo e asistencialista interiorizado na sociedade occidental. A perspectiva social de que as ONG son espazos para o voluntarismo individual e a axuda puntual a outras persoas e/ou á sociedade debe ser superada e substituída polo obxectivo de mudar a sociedade, ter entre as súas socias, non voluntarias, senón activistas: persoas que identifican as necesidades e as eivas para buscar estratexias que dean solución aos problemas detectados.

Un dos obxectivos de IMPLICADAS é facer consciente a sociedade galega da súa propia responsabilidade no mantemento das inxustas relacións Norte-Sur e da súa capacidade para transformar esas relacións, tanto a través da incidencia política – reflexionando sobre os gobernos e as políticas que nós promovemos – como a través das mudanzas na vida cotiá – reflexionando por exemplo sobre os nosos hábitos de consumo.

Para iso é preciso mudar tamén a nosa perspectiva, reflexionar sobre a situación de Galicia no mundo. Afeitadas a sermos marxe no contexto do Estado Español e de Europa, chegamos a asumir que formamos parte do Sur, que somos logo as discriminadas, as colonizadas, as marxinas. Mais non debemos esquecer que continuamos a estar en occidente, formando parte desa Europa que está a consumir os países do Sur.

No eido da loita feminista acontece unha dinámica semellante. IMPLICADAS quere poñer en contacto as voces feministas das compañeiras do Sur coas nosas do Norte, para non caermos na crenza occidental de que só hai un feminismo, o noso.

Conseguir que a cidadanía do Norte sexa quen de ver o impacto que teñen nas mulleres do Sur as nosos hábitos no Norte

Para conseguir este obxectivo é fundamental difundir o modelo de cooperación de Implicadas, facer fincapé nos efectos que as nosas actividades diarias teñen nas vidas das mulleres do Sur e buscar os medios para que as súas voces cheguen á cidadanía galega. Para iso realizaremos as actividades que se expoñen a continuación.

Accións xerais:

- **Festival “Implicate”**

Na súa edición de 2016 estará presentado por Yolanda Castaño e Marga Pazos e incluírá novamente actuacións en diferentes ámbitos artísticos: música (Caxade, Os da Ría e María Manuela), teatro (A Panadería e Pedro Brandariz), danza (Ánxela Blanco) e poesía (Elías Portela, Susana Sánchez Aríns, Román Raña e Olga Novo). O evento terá lugar o 10 de xaneiro no Teatro Principal de Compostela.

- **Axenda do Desenvolvemento**

A nova axenda terá como tema principal as *microesmolos*, isto é, estará centrada nunha serie de prexuízos e estereotipos existentes sobre a cooperación e sobre as persoas e comunidades do Sur.

- **Publicación do libro *A violencia dun sorriso. Antoloxía poética*, de Thamizhachi Thangapandian**

Durante a visita da escritora e activista támil a Galicia, en abril de 2015, tivo lugar un obradoiro literario que contou tamén coa participación das poetas galegas Dores Tembrás, Patricia Meira, Marta Dacosta, Susana Sánchez Aríns e María Reimóndez. Como resultado deste encontro xurdiu o proxecto de publicación, en edición bilingüe (támil e galego), dunha antoloxía poética da autora támil, que incluírá así mesmo as contribucións das poetas que colaboraron no obradoiro. A publicación do libro, que levará por título *A violencia dun sorriso. Antoloxía poética*, está prevista para o mes de setembro de 2016. No mes de outubro terán lugar dúas presentacións-recitais, en Compostela e na Coruña respectivamente, nas que estarán presentes algunha(s) da(s) poeta(s) participantes na obra, así como outras autoras de referencia na poesía galega.

Ademais está prevista a organización de actividades de lanzamento da obra, polo menos, en dúas localidades da provincia da Coruña.

- **V Carreira Solidaria: “Corre con Implicadas”**

O domingo 8 de maio celebrarase en Oleiros a V CARREIRA SOLIDARIA: “CORRE CON IMPLICADAS”. Contarase coa colaboración da Federación Galega de Atletismo, o Concello de Oleiros, a Facultade de CC do Deporte e a Educación Física (UDC), DJ Dani e outras empresas/institucións e persoas que se irán sumando.

Os obxectivos da carreira solidaria son:

- Recadar fondos para os programas de cooperación ao desenvolvemento que Implicadas ten na India: Erradicación do Infanticidio Feminino (Salem) e Empoderamento de Mulleres II (Tiruchy).
- Darlle a coñecer á cidadanía galega o labor que realiza a nosa organización dende hai 18 anos.
- Lograr, mediante a actividade física, a participación activa das persoas na promoción de valores e actitudes relacionadas coa solidariedade.

O obxectivo é chegar a 400 persoas de forma directa e sensibilizar tamén a diferentes institucións deportivas e comerciais que colaborarán na carreira.

- **IV Andaina Solidaria: “Dá o paso”**

No mes de outubro terá lugar a IV ANDAINA SOLIDARIA de Implicadas: ‘DÁ O PASO’. Dado o éxito acadado na anterior edición, decidimos propor de novo que esta actividade dure dous días, é dicir, toda unha fin de semana. Na primeira xornada faranse actividades de difusión do traballo de IMPLICADAS grazas á nova App da Campaña SUMA, aproveitando o xogo tipo trivial de 100 preguntas que configura SUMA COÑECEMENTO e realizarase tamén unha actividade durante o día de Mindfulness e natureza. O segundo día farase a ANDAINA. A actividade terá lugar na Ribeira Sacra.

A ANDAINA trata de conseguir unha ampla participación da cidadanía, tanto na proba física coma na recadación de fondos. Asimesmo, a andaina servirá para sensibilizar e darlle información sobre o traballo de IMPLICADAS ao público asistente. Procurarase tamén conseguir a colaboración de diferentes entidades e institucións deportivas e comerciais para cubrir os gastos técnicos da actividade.

- **Vanakkam**

É unha palabra támara empregada para dar a benvinda. Trátase dun programa formativo orientado á cooperación ao desenvolvemento que ten lugar anualmente e que no 2016 celebrará a súa X edición. É unha das actividades máis estables da organización e céntrase fundamentalmente no traballo de IMPLICADAS e, en concreto, nos proxectos nos que a organización colabora na India (Támara Nadu) xunto coa súa contraparte PDI.

Este ciclo formativo consta de dúas partes. Por unha banda, a formación levada a cabo en Galicia e constituída por varias sesións en distintas fins de semana nas que se tratan temas como a cooperación ao desenvolvemento, o enfoque de xénero ou os proxectos

de IMPLICADAS na India. Pola outra, unha viaxe á India que será posible para dez das persoas que completen a formación. O obxectivo da viaxe é ofrecer a posibilidade de coñecer de primeira man o labor que PDI desenvolve nos programas de cooperación vixentes neste período (Empoderamento de Mulleres II en Tiruchy e Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem). IMPLICADAS e PDI encárganse da organización e do acompañamento durante a estadía na India. Os desprazamentos e demais gastos da viaxe correrán a cargo das persoas participantes. O ciclo formativo do VANAKKAM celébrase todos os anos en Santiago de Compostela entre os meses de maio e xuño e consta dos seguintes contidos:

1ª Sesión: A cooperación ao desenvolvemento
1.1 Historia e evolución
1.2 Axuda oficial e non oficial ao desenvolvemento
1.3 A situación actual da axuda
2ª Sesión: O enfoque de xénero
2.1 Sexo/Xénero
2.2 Cooperación con enfoque de xénero
2.3 Feminización da pobreza e da esperanza
3ª Sesión: IMPLICADAS NO DESENVOLVIMENTO
3.1 Bases ideolóxicas
3.2 Metodoloxía de traballo
3.2.1 Organizacións sociais
3.2.2 Microcrédito - grupos de aforro
3.3 O traballo en Galicia
4ª Sesión: Os programas na India
4.1 Contextualización
4.2 Zonas de traballo
4.3 Fase de planificación
4.4 A comunidade do proxecto
4.5 Actuacións
5ª Sesión: Preparación da viaxe
Adicada ás persoas que decidan viaxar e visitar os programas de cooperación ao desenvolvemento que Implicadas ten en Támara Nadu: Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem e Empoderamento de Mulleres II en Tiruchy.

O obxectivo deste ano é acadar a participación de 10 persoas no curso presencial e levar a cabo a viaxe á India.

- **Participación en CULTURGAL**

A feira das empresas culturais galegas, a principios de decembro, é xa unha cita ineludible para IMPLICADAS. Resulta moi interesante para a organización non só polas vendas e polo labor sensibilización que se leva a cabo coas persoas que visitan o noso posto, senón tamén porque resulta chave para establecer contactos con empresas que, consonte á visión de IMPLICADAS, están dispostas a colaborar dunha ou doutra maneira.

- **Exposición “Os meus ollos, as túas mans”**

Terá lugar no Café Universal, no centro da cidade, durante o mes de febreiro. Os obxectivos da actividade serán: 1) dar a coñecer Implicadas e 2) ofrecerlle ó público a posibilidade de adquirir ilustracións. Recadación prevista: 100€.

- **Proxeccións do documental *Cambia de Papel***

Os obxectivos desta actividade son: 1) dar a coñecer a realidade do Sur, 2) captar activistas e 3) no caso de colocar a mesa de venda, recadar algúns fondos.

Unha das proxeccións terá lugar durante as “III Xornadas contra a violencia de xénero”, na Facultade de Medicina, o día 17 de febreiro.

O grupo da Estrada organizará tamén a proxección do documental no marco da presentación do grupo de voluntariado de Cuntis. Ademais de dar a coñecer a organización e a metodoloxía dos GAM, a actividade será aproveitada para tentar captar novo voluntariado.

A seguinte proxección, enmarcada no proxecto SUMA TEMPO, realizarase coa colaboración do Concello da Coruña previsiblemente no mes de abril ao aire libre, nunha das prazas da cidade.

- **Exposición “Maquila boutique” e proxección do documental *Fíos fóra***

O evento terá lugar na sala de exposicións de ABANCA (A Estrada) entre o 18 e o 28 de febreiro. O obxectivo principal será o de fomentar a reflexión sobre a necesidade de establecer relacións xustas cos pobos do Sur. Outros obxectivos serán, ademais, dar a coñecer Implicadas, denunciar a explotación na industria téxtil, presentar alternativas a esta explotación e sensibilizar as persoas asistentes sobre a nosa responsabilidade á hora de consumir. Por último, prográmase a colocación dunha mesa de venda para recadar algúns fondos. Recadación total prevista (entrada voluntaria + mesa de venda) será de 200€.

- **Curso de alimentación aiurvédica**

O curso será impartido na Estrada por Piero Piga e terá lugar en febreiro ou marzo, en función da dispoñibilidade do docente e do local. O seu principal obxectivo será o de recadar fondos para a organización. Ademais darase a coñecer Implicadas e promoverase a reflexión sobre os nosos hábitos de consumo. Recadación prevista: 280€.

- **Teatroforo contra a violencia de xénero *Vestido de Voda***

Realizarase un teatroforo contra a violencia de xénero no mes de abril no Baba Bar contando coa colaboración de Vanesa Rivas e José Leis e de Atalaia Social. “ A peza une teatro e educación social nun equipo formado por profesionais dos dous ámbitos creando unha peza moi potente e flexible que permite xerar co público unha experiencia única na que se busca espertar a conciencia crítica cara a violencia de xénero, estimular o debate, a participación e a creación de novas formas de relación máis sas e respectuosas. As entradas terán un custe de 5 euros, dos cales 3 irán para Implicadas e os outros para o local. Recadación esperada: 150 euros.

- **Feira de economía social**

A participación da organización neste evento anual que se celebrará en maio ten os seguintes obxectivos: 1) dar a coñecer Implicadas, 2) fomentar unha actitude crítica e feminista a través dun labor de sensibilización, 3) captar novas activistas e 4) recadar fondos. Recadación prevista: 70€.

- **Recital de poesía**

Celebrarase no mes de setembro na librería Berbiriana (A Coruña). Contaremos con poetas que xa colaboraron con Implicadas no pasado. Os obxectivos son: 1) dar a coñecer a organización, 2) sensibilizar a cidadanía, 3) captar novas activistas e 4) recadar algúns fondos. Recadación prevista: 50€.

- **Noite de humor**

O evento consistirá nunha serie de monólogos por parte de humoristas que traballan dende unha conciencia crítica e comprometida. Celebrarase en outubro ou novembro nun local da Coruña aínda pendente de confirmar (La Maleta ou BâbaBâr). Os obxectivos serán: 1) dar a coñecer Implicadas, 2) captar activistas e 3) recadar fondos. Recadación prevista: 100€.

- **BATE NO CORAZÓN con IMPLICADAS! I Masterclass solidaria de zumba e body combat**

Celebrarase en Oleiros (pavillón municipal de Bastiagueiro) o domingo 14 de febreiro de 11.30 a 13.30h. Para levar a cabo esta actividade contamos coa colaboración do Concello de Oleiros, Deportes Oleiros, Dj Dani, Masaxe Aiurvédica Piero Piga, *Las Delicias de Teresa* e un grupo de instructoras/es de zumba e body combat (*The Galician Warriors*). Ao comezo da actividade terá lugar a presentación de Implicadas, así como da aplicación SUMA CON IMPLICADAS. Ao remate celebrarase un sorteo entre as persoas participantes. Para a ocasión tamén se farán galletas co logo de SUMA. Prevese unha recadación de 300 euros.

- **Cea con Implicadas**

Consiste na organización dunha cea con menú especial inspirado na gastronomía támil/india. Parte do menú será doado polo establecemento. A data de celebración, así como a empresa colaboradora, está por confirmar. O obxectivo principal é a recadación de fondos, pero tamén dar a coñecer Implicadas e fomentar a colaboración do comercio local nas actividades da organización. Recadación prevista: 150€ no menú solidario e 80€ na mesa de venda de produtos.

3.3. COMUNICACIÓN

No marco da planificación estratéxica establecida para os anos 2015 a 2020, os obxectivos da organización en canto á comunicación eran principalmente dous: 1) mudar as formas comunicativas Norte-Sur dende unha óptica feminista e 2) crear comunidade entre todas as persoas que forman Implicadas.

3.3.1. Mudar as formas comunicativas Norte-Sur dende unha óptica feminista

As mensaxes de boa parte das ONG que traballan pola erradicación da pobreza e a desigualdade no mundo continúan emitíndose nun ton paternalista e asistencial que perpetúa os roles de xénero. Implicadas traballa dende o enfoque de xénero e, para

desenvolver unha política activa de superación da discriminación das mulleres e de creación de espazos nos que se faga oír a súa voz, cómpre que as formas de comunicación empregadas sexan enfocadas tamén dende unha perspectiva feminista.

Resultado 1: Darlles voz ás mulleres do Sur a través dunha comunicación o menos mediada posible

Implicadas basea a súa loita na necesidade de que sexa a voz das compañeiras do Sur a que se escoite no Norte, posto que elas son as máis indicadas para dar conta das súas circunstancias. As mensaxes tinguidas de paternalismo e asistencialismo non deben ser as maioritarias nos medios de comunicación. Propóñense as seguintes accións:

- *Crear contidos propios*

A web, o boletín e as redes sociais de Implicadas teñen que converterse en medios de referencia á hora de espallar unha visión da cooperación ao desenvolvemento feminista e respectuosa cara ás comunidades coas que traballamos no Sur. No ano 2016, o grupo de prensa elaborará reportaxes, entrevistas, artigos de opinión e material audiovisual propio. Estas pezas serán publicadas nos nosos medios e, cando proceda, serán enviadas a medios de comunicación, sempre tendo en conta que o traballo dos xornalistas consiste en traballar as informacións que se lles envían dun xeito libre e autónomo.

- *Establecer vencellos máis sólidos cos medios*

Os medios de comunicación “alternativos” son consumidos por xente que, en xeral, se identifica máis coa ideoloxía e forma de traballar de Implicadas que no caso dos medios convencionais. Debemos aproveitar a oportunidade de establecer vencellos sólidos e continuados con este tipo de publicacións: colaboracións, artigos de opinión, reportaxes con mulleres do Sur ou entrevistas.

Actualizaremos a nosa axenda de medios e trataremos de manter unha comunicación fluida con xornalistas e comunicadoras/es.

- *Educar os medios*

Os medios de comunicación exercen unha grande influencia nas persoas e determinan de xeito innegable as súas opinións e decisións. En ocasións, o feito de que as mensaxes que estes medios transmiten non sexan axeitadas débese ao descoñecemento ou a carencia de formación en cuestións de xénero por parte do colectivo de profesionais. Implicadas, como organización de cooperación ao desenvolvemento que traballa dende unha perspectiva de xénero, debe asumir a tarefa fundamental de ofrecerlles ao colectivo de profesionais e aos medios de comunicación en xeral a posibilidade de aprender da nosa experiencia e comprender mellor o noso enfoque. Existen varios xeitos de logralo: por medio da elaboración e difusión de materiais e recursos, mediante o deseño e realización de obradoiros e charlas, etc.

Resultado 2: Chegar á cidadanía coas nosas mensaxes e visibilizar as nosas accións

Implicadas no Desenvolvemento é unha organización comprometida co cambio social no noso país. Traballamos en base á crenza de que a cooperación nos enriquece tanto a nós coma as persoas do Sur e no convencemento de que é posible un cambio a nivel

global no tocante ao xénero, a sanidade, a educación, os dereitos humanos, a economía e demais factores que posibilitan o desenvolvemento humano perdurable. Queremos que esta mensaxe lles chegue clara e concisa aos medios e á sociedade en xeral e, para isto, realizaremos unha serie de accións.

- *Establecer un plan de comunicación / Redactar un manual de comunicación corporativa*

O plan de comunicación elabórase tendo en conta as circunstancias da organización en canto á contorna e ao funcionamento interno, así como o público ao que se dirixe, os obxectivos que persegue, a mensaxe que quere transmitir e os recursos (económicos e materiais) dos que dispón. Tamén deben terse en conta os medios: axendas, medios tradicionais, medios dixitais, boletíns, redes sociais, etc. Un plan de comunicación é un documento fundamental no que se recollen as políticas, estratexias, obxectivos, accións e recursos referidos á comunicación, tanto interna coma externa, dunha organización. O plan, unha vez executado, terá que ser sometido a unha avaliación para determinar se foron cumpridos os obxectivos marcados. Redactaremos un manual de comunicación da organización, no cal incluiremos as directrices básicas a ter en conta. Este manual debe ser elaborado principalmente polo grupo de prensa, xa que son as persoas que o compoñen as principais responsables da súa execución.

- *Reforzar o grupo de comunicación*

O grupo de prensa é un dos que máis volume de traballo deberá asumir nos vindeiros anos, polo que se fai non só necesario, senón tamén urxente que este grupo se compoña de activistas activas, motivadas, creativas e con iniciativa. No ano 2015 deberemos aumentar o número de activistas e reasignar tarefas e funcións tendo en conta as capacidades, intereses ou habilidades de cada unha das persoas que forman parte del. Organizaremos obradoiros ou xornadas de formación (tanto online coma de xeito presencial) e implementaremos novas canles de comunicación interna (grupos de facebook, grupos de mensaxería instantánea, etc.).

- *Mellorar a presenza e efectividade nas redes sociais*

As redes sociais constitúen na actualidade unha das ferramentas máis poderosas para lograr que as nosas mensaxes gañen visibilidade e repercusión. Actualmente, a presenza de Implicadas nas redes sociais é satisfactoria: empregamos Facebook, rede na que temos 3086 seareiras/os, e Twitter, con 1538 fans. O obxectivo para o futuro é mellorar a nosa presenza nas redes sociais nos vindeiros anos por medio do deseño e execución dunha estratexia de Social Media que inclúa tanto campañas de creación e difusión de contidos (logrando un alcance orgánico) como campañas de publicidade en Facebook e Twitter (con alcance de pago). Neste plan de Social Media estableceremos unha serie de obxectivos, propoñeremos accións en rede (campañas, publicidade, eventos, sorteos, etc.), marcaremos prazos e estableceremos sistemas de medición de resultados. Por outra banda, fomentaremos a participación e a interacción das socias e activistas nas redes sociais de Implicadas: axilizaremos o tempo de resposta e invitaremos á participación empregando, entre outras cousas, o material e actividades da campaña SUMA.

3.3.2. Crear comunidade entre todas as persoas que forman Implicadas

As persoas que forman parte de Implicadas, ben como activistas, ben como socias ou colaboradoras, comparten uns valores e principios que caracterizan a organización (solidariedade, feminismo, seriedade, participación, etc.) e que conforman a base para crear unha comunidade. Para reforzar este sentimento de pertenza e mellorar a comunicación neste sentido, Implicadas levará a cabo as seguintes accións:

- **Mantemento da lista de correo para as persoas asociadas.** Mediante esta lista mandaráselle a cada unha das persoas asociadas información constante sobre as actividades da organización por correo electrónico.
- **Elaboración e envío do boletín mensual.** IMPLICADAS seguirá elaborando todos os meses o boletín mensual no cal se recolle a información referente a actividades, eventos, campañas, etc. previstas para ese mes. O boletín envíaselles ás socias e aos socios por correo electrónico.
- **Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria.** Unha vez ao ano, tal e como aparece reflectido nos estatutos de Implicadas, ten lugar a Asemblea Xeral onde se presentan as contas da organización, a memoria de todo o realizado o ano anterior, a planificación anual das actividades que se teñen previstas, etc. Ademais convocarse o domingo 17 de xaneiro de 2016 unha **Asemblea Extraordinaria** para modificar os cargos da directiva de Implicadas. Terá lugar no Centro Medra na Coruña. A primeira convocatoria será ás 10:30h e a segunda ás 11:00h.
- **Envío de comunicacións e informes específicos á base asociativa.** Seguiráselles enviando ás persoas socias por correo electrónico tanto os informes trimestrais coma anuais dos programas de cooperación que Implicadas teña vixentes durante este período 2015-2020.
- **Celebración de sorteos para a base asociativa.** Como medida para estreitar e dinamizar a relación coa base asociativa, faranse algúns sorteos entre as socias e socios de Implicadas.
- **Envío dunha carta a finais de ano.** A modo de agradecemento polo apoio, a colaboración e a fidelidade, IMPLICADAS mandaralles a finais de cada ano unha carta ás persoas asociadas a través do correo electrónico.

PLANIFICACIÓN ECONÓMICA 2016 IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO

INGRESOS	83.050,00 €	GASTOS	83.050,0
Base asociativa	28.600,00 €	Actividades propias de Sensibilización	2.720,00
Abono cuotas	28.600,00 €	Axendas	900,00
Doazóns	10.700,00 €	Carreira Solidaria	1.000,00
Particulares	9.000,00 €	Os meus ollos as túas mans	300,00
Entidades/Empresas	1.500,00 €	Andaina Solidaria	100,00
Teaming	200,00 €	Bate no corazón	70,00
Actividades propias de Sensibilización	6.800,00 €	Outros (cultural, os meus ollos)	350,00
Implicate	2.300,00 €	Compras Materiais Implicadas para venta	600,00
Deporte solidario		Productos Comercio Xusto	300,00
Carreira Solidaria	2.500,00 €	Cestas Solidarias	300,00
Andaina Solidaria	300,00 €	Prox de ED 2016	25.630,00
Bate no corazón	500,00 €	Prox de COOPERACIÓN INTERNACIONAL INDIA	27.500,00
Outros (Entradas, inscripción cursos...)	1.200,00 €	Empoderamento de mulleres en Tiruchy WEP II	14.900,00
INGRESO VENDA MATERIAL	4.900,00 €	Erradicación do infanticidio feminino en Salem FIPP	12.600,00
Merchandising Implicadas/comercio xusto/libros	1.700,00 €	GASTOS INDIRECTOS	23.400,00
Axendas	1.500,00 €	Aluguer local	4.500,00
Cestas solidarias/rifas solidarias	1.100,00 €	Suministros -agua e luz-	500,00
Ilustracións	200,00 €	Comunicación-internet, telefono, correos, fotocopias	1.100,00
Outros materiais	400,00 €	Material de oficina	150,00
OUTROS INGRESOS		Nomina	10.000,00
Financiamento Pública ED	32.050,00 €	Seguridad social + IRPF	3.900,00
Cooperación Galega	20.000,00 €	Impostos, taxas e tributos	1.350,00
Deputación de Pontevedra	3.700,00 €	Comisións bancarias (Gastos financeiros)	300,00
Deputación de A Coruña	6.150,00 €	Gastos bancarios e IVE cotas	700,00
Concello de Lugo	700,00 €	Desprazamentos	500,00
Concello de Vigo	1.500,00 €	Seguros	300,00
		Dietas	100,00
		OUTROS GASTOS	3.200,00
		Asesoría	1.200,00
		Imprevistos (logo desoños.+ meubook 2011).)	1.200,00
		Mensaxería	200,00
		Outros (cuota coordinadora, sermos...)	600,00